

III. OUTRAS DISPOSICIÓNS

CONSELLERÍA DE TRABALLO E BENESTAR

ORDE do 14 de maio de 2014 pola que se establecen as bases reguladoras do Programa para a promoción do emprego autónomo, cofinanciado polo Fondo Social Europeo, e se procede á súa convocatoria para o ano 2014.

No marco establecido no artigo 40 da Constitución española; na Lei 56/2003, do 16 de decembro, de emprego; nos artigos 29 e 30 do Estatuto de autonomía de Galicia; e nos obxectivos de crecemento e emprego da Unión Europea, conforme a Extratexia europea de emprego, e co obxectivo de que a Comunidade Autónoma de Galicia acade uns maiores niveis de desenvolvemento económico, de calidade no emprego, de benestar social, e de cohesión no territorio, cómpre adoptar políticas que promovan un modelo de desenvolvemento económico que favoreza a capacidade creativa e emprendedora da sociedade galega, como fonte de riqueza e como elemento esencial para o crecemento, a competitividade e a modernización do tecido produtivo galego.

O Estatuto de autonomía de Galicia, no seu artigo 29, atribúelle á Comunidade Autónoma, en concordancia co artigo 149.1º.7 da Constitución española, competencia para a execución da lexislación do Estado en materia laboral, asumindo as facultades, funcións e servizos correspondentes a este ámbito.

No título V da Lei 20/2007, do 11 de xullo, do Estatuto do traballo autónomo (*Boletín Oficial del Estado* do 12 de xullo), dedicado ao fomento e promoción do traballo autónomo, establécese que os poderes públicos adoptarán políticas de fomento do traballo autónomo dirixidas ao establecemento e desenvolvemento de iniciativas económicas e profesionais por conta propia. Na aplicación destas políticas de fomento tenderase ao logro da efectividade da igualdade de oportunidades entre mulleres e homes, e prestarase especial atención aos colectivos de persoas desfavorecidas, entre as cales as persoas con discapacidade ocupan un lugar preferente.

A Lei 2/2007, do 28 de marzo, do traballo en igualdade das mulleres en Galicia establece no seu artigo 31 que, no marco da consideración como colectivo prioritario, as políticas activas de emprego valorarán as circunstancias das mulleres con especiais dificultades de inserción laboral. Así mesmo, o artigo 38 desta lei establece que o departamento da Administración competente en materia de traballo poderá incluír nas actuacións programadas



en relación coa política de emprego destinada a promover a inserción laboral efectiva das mulleres accións positivas e actuacións de discriminación positiva dirixidas á equiparación de ambos os sexos no emprego por conta propia, e que nas medidas dirixidas ao fomento de empresariado feminino se terán en conta de xeito preferente as mulleres emprendedoras con especiais dificultades de inserción laboral ou en situacións marcadas pola desvantaxe social.

Esta orde de convocatoria enmárcase no artigo 14 da Lei 9/2013, do 19 de decembro, do emprendemento e da competitividade económica de Galicia, como fórmula de inserción ou reinserción no mercado de traballo.

Na redacción da orde recóllense as regulacións específicas establecidas na Lei 10/2013, do 27 de novembro, de inclusión social de Galicia, no Real decreto legislativo 1/2013, do 29 de novembro polo que se aproba o texto refundido da Lei xeral de dereitos das persoas con discapacidade e da súa inclusión social.

Nos últimos anos as provincias de Lugo e Ourense vironse afectadas pola desaceleración na implantación e no desenvolvemento das empresas existentes. O Consello da Xunta de Galicia, nas súas reunións do 24 de setembro e do 22 de outubro de 2009, aprobou, respectivamente, o Programa Impulsa-Lugo e o Programa Impulsa-Ourense, nos que se establecen, entre outras, medidas transitorias de apoio ao fomento de actividades empresariais. En consecuencia, nesta orde incrementase o importe das axudas cando teñan o seu centro de traballo nun concello das provincias de Lugo ou Ourense.

De conformidade co Decreto 168/1984, do 15 de novembro, de asunción de funcións e servizos transferidos, correspóndelle á comunidade autónoma a xestión de calquera tipo de axuda, subvencións e préstamos que realizaba a Unidade Administradora do Fondo Nacional de Protección ao Traballo, e de acordo co disposto no Decreto 227/2012, do 12 de decembro, polo que se establece a estrutura orgánica da Xunta de Galicia, no Decreto 235/2012, do 5 de decembro, polo que se fixa a estrutura orgánica da Vicepresidencia e das consellerías da Xunta de Galicia, e no Decreto 42/2013, do 21 de febreiro, polo que se establece a estrutura orgánica da Consellería de Traballo e Benestar, correspóndelle a esta o exercicio das anteriores competencias e funcións, entre outras materias, no relativo ás políticas activas de emprego.

Consonte o anterior, correspóndelle a esta consellería a regulación específica, a convocatoria, a xestión e o control das axudas e subvencións do Programa de promoción do



emprego. Neste contexto de actuación, nesta orde regúlase o Programa de promoción do emprego autónomo e procédese á súa convocatoria para o ano 2014.

Tendo en conta o volume de solicitudes presentadas nos últimos anos e co obxectivo de que o orzamento asignado a este programa beneficie o maior número de persoas traballadoras autónomas de Galicia, na presente orde reorganízanse os incentivos establecidos nas convocatorias anteriores que variaban no seu importe en función do colectivo a que pertencesen.

As bases do programa regulado nesta orde establecen un procedemento de concesión que non ten a consideración de concorrencia competitiva, dado que, de acordo coa finalidade e co obxecto do programa, non resulta necesario realizar a comparación e prelación das solicitudes presentadas nun único procedemento, senón que a concesión das axudas se realizará pola comprobación da concorrencia no solicitante dos requisitos establecidos ata o esgotamento do crédito orzamentario, conforme o previsto no Real decreto 357/2006, do 24 de marzo, polo que se regula a concesión directa de determinadas subvencións nos ámbitos do emprego e da formación profesional ocupacional.

O Programa de promoción do emprego autónomo está cofinanciado polo Fondo Social Europeo, nunha porcentaxe do 80 por cento, no eixe 1, tema prioritario 68, a través do programa operativo FSE de Galicia 2007-2013, número CCI 2007 ES 051 PO 004, aprobado pola Decisión da Comisión Europea do 18 de decembro de 2007. Este cofinanciamento do Fondo Social Europeo farase constar expresamente nas resolucións de concesión. O programa operativo FSE Galicia 2007-2013 considera as axudas ao autoemprego para persoas en situación de desemprego, como fórmula de incorporación e reincorporación ao mercado de traballo, aumentando o tecido produtivo galego e dando prioridade ás persoas pertencentes a colectivos especialmente desfavorecidos desde a perspectiva do mercado de traballo.

Estas axudas están sometidas ao réxime *de minimis*, nos termos establecidos no Regulamento (CE) 1407/2013 da Comisión, do 18 de decembro, relativo á aplicación dos artigos 107 e 108 do tratado CE ás axudas *de minimis*.

Esta orde tramítase de conformidade co establecido na Lei 9/2007, do 13 de xuño, de subvencións de Galicia; no Regulamento da Lei 9/2007, do 13 de xuño, de subvencións de Galicia; aprobado polo Decreto 11/2009, do 8 de xaneiro; no texto refundido da Lei de



réxime financeiro e orzamentario de Galicia, aprobado polo Decreto lexislativo 1/1999, do 7 de outubro; na Lei 11/2013, do 26 de decembro, de orzamentos xerais da Comunidade Autónoma de Galicia para o ano 2014; no que resulte de aplicación a Lei 38/2003, do 17 de novembro, xeral de subvencións, e no seu Regulamento de desenvolvemento, aprobado polo Real decreto 887/2006, do 21 de xullo, e nesta orde. A concesión das subvencións queda condicionada á existencia de crédito adecuado e suficiente no momento da resolución de concesión.

Por tratarse de axudas cofinanciadas polo Fondo Social Europeo, serán de aplicación o Regulamento (CE) 1081/2006 do Parlamento Europeo e do Consello, o Regulamento (CE) 1083/2006 do Consello, polo que se establecen as disposicións xerais relativas ao Fondo Europeo de Desenvolvemento Rexional, ao Fondo Social Europeo e ao Fondo de Cohesión (DOUE L 210, do 31 de xullo de 2006) e o Regulamento (CE) 1828/2006 da Comisión, do 8 de decembro, polo que se fixan normas de desenvolvemento do Regulamento (CE) 1083/2006, do Consello e o Regulamento (CE) 1080/2006 do Parlamento Europeo e do Consello, relativo ao Fondo Europeo de Desenvolvemento Rexional (DOUE L 45, do 15 de febreiro de 2007) e a Orde TIN/2965/2008, do 14 de outubro, pola que se determinan os gastos subvencionables polo FSE, modificada pola Orde TIN/788/2009 do 25 de marzo (*Boletín Oficial del Estado* núm. 79, do 1 de abril), modificada pola Orde ESS/1337/2013 do 3 de xullo (*Boletín Oficial del Estado* núm. 167, do 13 de xullo).

Consecuentemente con todo o anterior, consultado o Consello Galego de Relacións Laborais, logo do informe da Asesoría Xurídica, da Dirección Xeral de Planificación e Orzamentos, da Dirección Xeral de Avaliación e Reforma Administrativa e da Intervención Delegada, e no exercicio das facultades que me confire o artigo 34 da Lei 1/1983, do 22 de febreiro, de normas reguladoras da Xunta e da súa Presidencia,

DISPOÑO:

CAPÍTULO I

Finalidade, ámbito, principios de xestión e definicións

Artigo 1. *Obxecto e finalidade*

1. Esta orde ten por obxecto fixar as bases reguladoras do Programa de promoción do emprego autónomo e proceder á súa convocatoria para o ano 2014.



A finalidade deste programa é promover e axudar a financiar aqueles proxectos empresariais que facilitan a creación do seu propio posto de traballo ás persoas desempregadas que pretendan desenvolver a súa actividade empresarial ou profesional en Galicia como persoas traballadoras autónomas ou por conta propia.

Ao abeiro desta orde subvencionaranse as altas na Seguridade Social ou en mutualidade de colexio profesional que, cumprindo os requisitos e condicións establecidas nela, se formalicen desde o 1 de outubro de 2013 ata o 30 de setembro de 2014, ambos os dous incluídos.

2. As solicitudes, tramitación e concesión das axudas do Programa de promoción do emprego autónomo axustaranse ao disposto na Lei 9/2007, do 13 de xuño, de subvencións de Galicia; no Decreto 11/2009, do 8 de xaneiro, polo que se aproba o Regulamento da Lei 9/2007, do 13 de xuño, de subvencións de Galicia; no texto refundido da Lei de réxime financeiro e orzamentario de Galicia, aprobado polo Decreto legislativo 1/1999, do 7 de outubro; na Lei 11/2013, do 26 de decembro, de orzamentos xerais da Comunidade Autónoma de Galicia para o ano 2014; no que resulte de aplicación a Lei 38/2003, do 17 de novembro, xeral de subvencións, e o seu Regulamento de desenvolvemento aprobado polo Real decreto 887/2006, do 21 de xullo; na Orde TAS/1622/2007, do 5 de xuño, pola que se regula o Programa de promoción do emprego autónomo, e nesta orde.

3. A xestión deste programa realizarase de acordo cos seguintes principios:

a) Publicidade, concorrencia, obxectividade, transparencia, igualdade e non discriminación.

b) Eficacia no cumprimento dos obxectivos fixados pola Consellería de Traballo e Benestar.

c) Eficiencia na asignación e utilización dos recursos públicos.

Artigo 2. *Persoas beneficiarias*

1. Poderán ser beneficiarias das axudas deste programa as persoas desempregadas inscritas como demandantes de emprego no Servizo Público de Emprego, que procedan á creación do seu propio posto de traballo mediante a súa constitución en persoas traballadoras autónomas ou por conta propia, e que desenvolvan a súa actividade empresarial ou



profesional en Galicia, sempre que cumprindo as condicións establecidas para cada tipo de axuda, reúnan os seguintes requisitos:

- Ter 30 ou máis anos de idade na data da presentación da solicitude.
- Se dean de alta no réxime especial de autónomos ou en calquera outro réxime especial por conta propia da Seguridade Social ou en mutualidade de colexio profesional entre o 1 de outubro de 2013 e o 30 de setembro de 2014, ambos os dous incluídos, como titulares ou cotitulares do negocio ou explotación.
- Non percibisen subvencións ao abeiro do Programa de promoción do emprego autónomo nos catro anos anteriores á data do inicio da nova actividade.
- Non desenvolvesen como persoas traballadoras autónomas a mesma ou similar actividade na mesma localidade, nos seis meses inmediatamente anteriores á data do inicio da nova actividade, nin estivesen de alta como persoas traballadoras autónomas en calquera réxime da Seguridade Social ou en mutualidade de colexio profesional, sempre que a dita situación de alta presupoña actividade, nos tres meses inmediatamente anteriores. Para estes efectos, entenderase por mesma actividade a coincidencia ao nivel de 3 díxitos da Clasificación nacional de actividades económicas (CNAE). Este requisito non se aplicará ás persoas traballadoras autónomas colaboradoras.

2. As persoas traballadoras autónomas ou por conta propia poderán ser beneficiarias das axudas deste programa, cando formen parte de comunidades de bens ou sociedades civís de nova creación, sempre que as soliciten a título persoal. Neste caso, a comunidade de bens ou sociedade civil deberá estar constituída previamente á presentación da solicitude de subvención.

Quedan excluídas deste programa as persoas socias de sociedades mercantís, cooperativas e sociedades laborais e os autónomos colaboradores.

3. Non poderán obter a condición de beneficiarios do programa regulado nesta orde as persoas en que concorran as circunstancias sinaladas no número 2 do artigo 10 da Lei 9/2007, do 13 de xuño, de subvencións de Galicia:

- a) Ser condenadas mediante sentenza firme á pena de perda da posibilidade de obter subvencións ou axudas públicas.



b) Solicitar a declaración de concurso, ser declaradas insolventes en calquera procedemento, acharse declaradas en concurso, estar suxeitas a intervención xudicial ou ser inhabilitadas conforme a Lei concursal sen que conclúa o período de inhabilitación fixado na sentenza de cualificación do concurso.

c) Dar lugar, por causa da que fosen declaradas culpables, á resolución firme de calquera contrato suscrito coa Administración.

d) Estar incurso a persoa física nalgún dos supostos de incompatibilidades que estableza a normativa vixente.

e) Non estar ao día no cumprimento das obrigas tributarias ou fronte á Seguridade Social ou ter pendente de pagamento algunha outra débeda coa Administración pública da Comunidade Autónoma nos termos regulamentariamente establecidos.

f) Ter a residencia fiscal nun país ou territorio cualificado regulamentariamente como paraíso fiscal.

g) Non estar ao día de pagamento de obrigas por reintegro de subvencións nos termos regulamentariamente establecidos.

h) Ser sancionada mediante resolución firme coa perda da posibilidade de obter subvencións segundo a Lei 9/2007, do 13 de xuño, de subvencións de Galicia, ou a Lei xeral tributaria.

4. Non poderán obter a condición de persoa beneficiaria cando estean excluídas do acceso aos beneficios derivados da aplicación dos programas de emprego, conforme o establecido nos artigos 46 e 46.bis do texto refundido da Lei de infraccións e sancións na orde social, aprobado polo Real decreto lexislativo 5/2000, do 4 de agosto.

5. A xustificación por parte das persoas solicitantes de non estar incursas nas prohibicións, contidas nos números 3 e 4 anteriores, para obter a condición de beneficiaria realizárase mediante declaración responsable.

6. No suposto de subvencións solicitadas por persoas traballadoras con discapacidade, ademais de cumprir os requisitos anteriores, deberán ter recoñecido pola Administración

CVE-DOG: grshstm5-wj79-iux9-irv5-13sjd4q90gk2



competente un grao de discapacidade igual ou superior ao 33 %, de acordo coa definición do artigo 3.1.II.

Artigo 3. *Definicións*

1. Para os efectos desta orde entenderase por:

I. Persoa desempregada, aquela que figure inscrita como demandante de emprego no Servizo Público de Emprego e que, pola súa vez, careza de ocupación segundo o informe da vida laboral da Tesouraría Xeral da Seguridade Social e, se é o caso, segundo certificado da mutualidade do colexio profesional, na data de solicitude de alta no correspondente réxime da Seguridade Social ou mutualidade de colexio profesional.

Cando a persoa solicitante non estea de alta como persoa traballadora autónoma ou por conta propia no correspondente réxime da Seguridade Social ou na mutualidade de colexio profesional no momento da presentación da solicitude de subvención, o órgano xestor verificará o cumprimento do requisito de inscrición como demandante de emprego e de carecer de ocupación laboral, na data de presentación da solicitude de axuda, na da proposta de resolución e na da solicitude de alta como persoa traballadora autónoma ou por conta propia no correspondente réxime da Seguridade Social ou na mutualidade de colexio profesional. No caso de que a persoa solicitante se dea de alta con anterioridade á proposta de resolución, comprobarase o cumprimento dos ditos requisitos nesa data.

A comprobación da inscrición no Servizo Público de Emprego como demandante de emprego, realizaraa directamente o órgano xestor das axudas.

Así mesmo, o órgano xestor comprobará que a persoa solicitante careza de ocupación segundo o informe da vida laboral da Tesouraría Xeral da Seguridade Social.

II. Persoa con discapacidade, aquela que teña recoñecido pola Administración competente un grao de discapacidade igual ou superior ao 33 %.

De acordo co disposto no artigo 4 do texto refundido da Lei xeral de dereitos das persoas con discapacidade e da súa inclusión social, aprobado polo Real decreto lexislativo 1/2013, do 29 de novembro, considerarase que presentan unha discapacidade igual ou superior ao 33 % as persoas pensionistas da Seguridade Social que teñan recoñecida unha pensión de



incapacidade permanente no grao de total, absoluta ou grande invalidez e as persoas pensionistas de clases pasivas que teñan recoñecida unha pensión por xubilación ou de retiro por incapacidade permanente para o servizo ou inutilidade. Nestes supostos, a acreditación do grao de discapacidade realizarase conforme o previsto no Real decreto 1414/2006, do 1 de decembro, polo que se determina a consideración de persoa con discapacidade para os efectos da Lei 51/2003, do 2 de decembro, de igualdade de oportunidades, non discriminación e accesibilidade universal das persoas con discapacidade (*Boletín Oficial del Estado* núm. 300, do 16 de decembro).

A comprobación da condición de persoa con discapacidade realizaraa directamente o órgano xestor das axudas, agás que fose recoñecida por outra Administración distinta da propia da Comunidade Autónoma de Galicia.

III. Persoa desempregada de longa duración, aquela que na data da súa solicitude de alta no correspondente réxime da Seguridade Social ou mutualidade de colexio profesional estivese sen traballo e acreditase un período de inscrición ininterrompido como desempregada na oficina de emprego de 180 días a persoa de 45 ou máis anos de idade, e de 360 días se é maior de 30 e menor de 45.

IV. Persoa emigrante retornada, aquela que cumpra coa condición de que non transcorresen máis de dous anos entre a data do retorno e a data da súa solicitude de alta no correspondente réxime da Seguridade Social ou en mutualidade de colexio profesional.

V. Persoa traballadora desempregada procedente de empresas en crise, aquela cuxa relación laboral se extinga por algunha das causas económicas, técnicas, organizativas ou de produción, ben a través do procedemento de regulación de emprego establecido nos artigos 51 e 57.bis do Estatuto dos traballadores, ou ben cando a extinción do contrato de traballo sexa polas causas obxectivas recollidas no artigo 52.c) do Estatuto dos traballadores.

VI. Persoa desempregada que esgotase a prestación por desemprego, a que extinguiuse por esgotamento a prestación por desemprego de nivel contributivo. No caso de que non tivese dereito á percepción da prestación por desemprego de nivel contributivo, que esgotase o subsidio de desemprego e, en ambos os dous casos, non desempeñase ningún traballo, nin por conta allea nin propia, desde a data do esgotamento.

CVE-DOG: grshstm5-wj79-iux9-irv5-13sjd4q90gk2



VII. Inmovilizado material ou intanxible, aquel definido como tal no Real decreto 1514/2007, do 16 de novembro, polo que se aproba o Plan xeral de contabilidade, e no Real decreto 1515/2007, do 16 de novembro, polo que se aproba o Plan xeral de contabilidade de pequenas e medianas empresas e os criterios contables específicos para microempresas, e incluídos nos subgrupos 20, 21 e 23 do cadro de contas dos citados plans, excluídos os anticipos.

Para os efectos de acreditar o requisito do investimento mínimo, en inmovilizado material ou intanxible e/ou o destino do préstamo, non se terán en conta os investimentos realizados no domicilio particular da persoa solicitante ou dalgunha das persoas comuneiras ou socias da comunidade de bens ou sociedade civil, agás aqueles debidamente acreditados que sexan imprescindibles para o desenvolvemento da actividade empresarial ou profesional, así como os investimentos correspondentes a compravendas entre as persoas comuneiras ou socias.

Así mesmo, no suposto de elementos de transporte soamente se computarán os vehículos comerciais ou industriais (furgóns, camións ou vehículos mixtos) que se empreguen no desenvolvemento da actividade empresarial ou profesional, así como os vehículos automóbiles de turismo que sexan empregados nos desprazamentos profesionais polos representantes ou axentes comerciais (epígrafe 511 do IAE), polas persoas traballadoras autónomas que se dediquen á venda ambulante ou á venda a domicilio, os empregados na prestación de servizos de transporte de viaxeiros, de ensino de condutores, e os empregados en servizos de vixilancia, ao 100 % do seu prezo de adquisición, excluído o imposto sobre o valor engadido.

En ningún caso para a acreditación do inmovilizado material ou intanxible se terán en conta os contratos de arrendamento financeiro nin outras figuras xurídicas afíns que non concedan á persoa solicitante o pleno dominio ou titularidade inicial do investimento.

VIII. Comunidade de bens ou sociedade civil de nova creación, aquelas que inicien a actividade empresarial desde o 1 de outubro de 2013, segundo a data en que se dea de alta no imposto de actividades económicas ou, de ser o caso, a data de alta no censo de obrigados tributarios do Ministerio de Economía e Facenda.

IX. Inicio da actividade laboral: a data da solicitude de alta como autónomo no correspondente réxime da Seguridade Social ou en mutualidade de colexio profesional.

2. Para a acreditación da pertenza aos colectivos definidos nos puntos III, IV, V e VI, cando no momento da solicitude da subvención a persoa non tivese solicitado a alta no



correspondente réxime da Seguridade Social ou mutualidade de colexio profesional, terase en conta a súa situación na data de presentación da solicitude de subvención.

3. Para os efectos deste programa terán a consideración de persoas en situación ou risco de exclusión social as persoas perceptoras da renda de inclusión social de Galicia ou membros da súa unidade de convivencia ou as persoas que teñan o certificado emitido polos servizos sociais acreditativa da dita situación social, tras a verificación da ausencia ou déficit grave de recursos económicos e a situación de desemprego, así como a concorrencia dalgún dos factores de exclusión social recollidos no artigo 3 da Lei 10/2013, do 27 de novembro, de inclusión social de Galicia:

- a) Estar nunha situación de cargas familiares non compartidas.
- b) Ser unha persoa vítima de violencia doméstica.
- c) Estar en proceso de rehabilitación social, como resultado dun programa de deshabitación de substancias adictivas ou de calquera outra adicción que produza efectos persoais e sociais de natureza semellante.
- d) Ter a condición de muller vítima de violencia de xénero.
- e) Ter unha discapacidade valorada superior ao 33 %.
- f) Ser inmigrante ou emigrante retornado.
- g) Proceder de institucións de protección ou reeducación de menores.
- h) Proceder de cumprimento de pena nunha institución penitenciaria.
- i) Ser unha persoa sen fogar ou habitar nunha infravivenda.
- j) Pertencer a unha minoría étnica.
- k) Estar en proceso de abandono do exercicio da prostitución ou ser vítima de explotación sexual-laboral en redes de prostitución ou de trata de persoas.



l) Ter a condición de persoa transexual ou estar en proceso de reasignación sexual.

m) Calquera outro factor non previsto expresamente no artigo 3 da Lei 10/2013, sempre que, ponderado polos servizos sociais comunitarios no contexto persoal, familiar e social da persoa, condicione negativa e gravemente a súa inclusión social e laboral.

CAPÍTULO II

Tipos de axuda

Artigo 4. *Subvención polo establecemento como persoa traballadora autónoma ou por conta propia*

1. Poderáselle conceder á persoa desempregada, co obxecto de facilitarlle ingresos durante o inicio da actividade e posta en marcha da iniciativa empresarial ou profesional, unha subvención polo seu establecemento como persoa traballadora autónoma ou por conta propia, sempre que se acredite un investimento en inmovilizado material ou intanxible necesario para o desenvolvemento da actividade por unha contía non inferior a 3.000 euros sen incluír o imposto sobre o valor engadido ou, de ser o caso, os impostos indirectos equivalentes cando sexan susceptibles de recuperación ou compensación e se realice no período comprendido entre os tres meses anteriores ao inicio de actividade e os seis meses posteriores ao dito inicio, coa data límite, en todo caso, do 20 de decembro de 2014. No caso da persoa física que estea incluída no réxime especial de recarga de equivalencia, regulado nos artigos 148 e seguintes da Lei do IVE (Lei 37/1992, do 28 de decembro), o IVE non é susceptible de recuperación polo que se deberá ter en conta para o cumprimento do requisito de investimento mínimo.

No caso de comunidades de bens e sociedades civís, para a acreditación do requisito do investimento mínimo de 3.000 euros realizado por cada persoa comuneira ou socia solicitante da subvención terase en conta a súa porcentaxe de participación na comunidade de bens ou sociedade civil.

2. As contías desta subvención serán as seguintes:

A. 5.000 euros desempregado en xeral.

B. 6.000 euros muller desempregada.



C. 6.500 euros persoa emigrante retornada, persoa traballadora procedente de empresa en crise, persoa desempregada de longa duración e persoa desempregada que esgotase a prestación por desemprego.

D. 8.000 euros desempregado con discapacidade ou pertencente a colectivos en risco ou situación de exclusión social.

E. 10.000 euros muller desempregada con discapacidade ou pertencente a colectivos en risco ou situación de exclusión social.

No suposto de que as características da persoa desempregada dean lugar á súa inclusión en máis dun colectivo, só será posible aplicar a contía da subvención respecto dun deles, correspondendo a opción á persoa solicitante. En caso de non exercer esta opción, entenderase solicitada polo colectivo coa contía superior que quede acreditado na documentación achegada coa solicitude, e no caso de que a documentación achegada inicialmente xunto coa solicitude non quede acreditada a pertenza a ningún colectivo entenderase que se solicita polo colectivo A deste punto.

3. A contía da axuda incrementarase nun 10 % cando a persoa física, comunidade de bens ou sociedade civil, segundo os datos consignados no documento de alta no IAE (modelo 036) ou no censo de obrigados tributarios do Ministerio de Facenda e Administracións Públicas, teña o seu centro de traballo nun concello das provincias de Lugo ou Ourense. Se a persoa solicitante no momento da presentación da solicitude non está de alta no IAE ou no censo de obrigados tributarios, terase en conta para estes efectos o concello que declare a persoa solicitante na memoria do proxecto (anexo II) e na solicitude.

Artigo 5. *Subvención financeira*

1. A subvención financeira ten por finalidade facilitar a creación do seu propio posto de traballo mediante a redución de xuros de préstamos necesarios para a súa constitución como persoa traballadora autónoma ou por conta propia, tendo en conta que, como mínimo, o 75 % do préstamo se deberá destinar a financiar investimentos en inmovilizado material ou intanxible e segundo o disposto na Orde TIN/2965/2008, do 14 de outubro, pola que se determinan os gastos subvencionables polo FSE, durante o período de programación de 2007-2013, modificada pola Orde TIN/788/2009, do 25 de marzo e pola Orde ESS/1337/2013, do 3 de xullo (*Boletín Oficial del Estado* núm. 167, do 13 de xullo).



Este investimento deberase realizar no período comprendido entre os tres meses anteriores ao inicio de actividade e os seis meses posteriores ao dito inicio, con data límite en todo caso do 20 de decembro de 2014. En todo caso, a persoa beneficiaria debe acreditar un investimento en inmovilizado material ou intanxible por unha contía non inferior a 3.000 euros sen incluír o imposto sobre o valor engadido ou, de ser o caso, os impostos indirectos equivalentes cando sexan susceptibles de recuperación ou compensación. No caso da persoa física que estea incluída no réxime especial de recarga de equivalencia, regulado nos artigos 148 e seguintes da Lei do IVE (Lei 37/1992, do 28 de decembro), o IVE non é susceptible de recuperación polo que se deberá ter en conta para o cumprimento do requisito de investimento mínimo.

Non se admitirá, para os efectos da súa xustificación, a adquisición de bens usados con cargo ao préstamo obxecto da axuda, agás no suposto de traspaso de negocios. No suposto das empresas que realicen por conta allea operacións de transporte por estrada non se poderá conceder esta subvención para a adquisición de vehículos de transporte de mercadorías por estrada, agás as empresas que realicen un servizo integrado en que a operación de transporte só sexa un elemento, como os servizos de mudanza, os servizos de correo postal ou de mensaxaría e os servizos de recolla e transformación de residuos.

Os préstamos, para seren subvencionables, deberán ser concedidos polas entidades financeiras que teñan subscrito convenio coa Consellería de Traballo e Benestar, e deberán formalizarse entre os tres meses anteriores ao inicio da actividade e o 30 de setembro de 2014, ou, de ser o caso, no prazo específico establecido na resolución de concesión.

No caso de comunidades de bens e sociedades civís, para a acreditación do requisito do investimento mínimo de 3.000 euros realizado por cada persoa comuneira ou socia solicitante da subvención terase en conta a súa porcentaxe de participación na comunidade de bens ou sociedade civil.

Esta subvención, pagadoira dunha soa vez, será equivalente á redución de ata catro puntos do tipo de xuro fixado pola entidade financeira que conceda o préstamo, calculada sobre os oito primeiros anos de vixencia destes. A contía calcularase como se a subvención se xerara cada ano de duración do préstamo, incluído o posible período de carencia. O tipo de xuro poderá ser fixo ou variable e tomarase como referencia para o cálculo da subvención o tipo de xuro vixente na data da resolución da subvención, ou o vixente na data da sinatura do contrato do préstamo, se esta é anterior.

CVE-DOG: grshstm5-wj79-iux9-irv5-13sjd4q90gk2



A persoa beneficiaria, no prazo de trinta (30) días desde a data en que teña coñecemento do pagamento efectivo da subvención, ten que presentar certificación expedida pola entidade financeira, acreditativa da amortización do principal do préstamo na contía subvencionada.

No caso de microcréditos concedidos por entidades públicas ou por outras entidades de crédito a persoa desempregada incluída nas letras C, D e E do punto 2 deste artigo, a subvención poderá ser o custo total dos gastos financeiros, cos límites máximos sinalados no número seguinte.

2. A subvención financeira terá como límite máximo as contías seguintes:

A. 5.000 euros, desempregado en xeral.

B. 6.000 euros, muller desempregada.

C. 6.500 euros, persoa emigrante retornada, persoa traballadora procedente de empresa en crise, persoa desempregada de longa duración e persoa desempregada que esgótase a prestación por desemprego.

D. 8.000 euros, desempregado con discapacidade ou pertencente a colectivos en risco ou situación de exclusión social.

E. 10.000 euros, muller desempregada con discapacidade ou pertencente a colectivos en risco ou situación de exclusión social.

No suposto de que as características da persoa desempregada dean lugar á súa inclusión en máis dun colectivo, só será posible aplicar a contía da subvención respecto dun deles, correspondendo a opción á persoa solicitante. En caso de non exercer esta opción, entenderase solicitada polo colectivo coa contía superior que quede acreditado na documentación achegada coa solicitude, e no caso de que da documentación achegada inicialmente xunto coa solicitude non quede acreditada a pertenza a ningún colectivo, entenderase solicitada polo colectivo A deste punto.

CVE-DOG: grshstm5-wj79-iux9-irv5-13sjd4q90gk2



CAPÍTULO III

Artigo 6. *Competencia, solicitudes e prazo*

1. As solicitudes dirixiranse ao órgano competente para resolver e deberá presentarse preferiblemente por vía electrónica a través do formulario normalizado dispoñible na sede electrónica da Xunta de Galicia <https://sede.xunta.es>, de acordo co establecido nos artigos 27 da Lei 11/2007, do 22 de xuño, de acceso electrónico dos cidadáns aos servizos públicos, e 24 do Decreto 198/2010, do 2 de decembro, polo que se regula o desenvolvemento da Administración electrónica na Xunta de Galicia e nas entidades dela dependentes. Para a presentación vía electrónica será necesario o documento nacional de identidade electrónico ou calquera dos certificados electrónicos recoñecidos pola sede da Xunta de Galicia, da persoa solicitante ou da representante que actúe con poder suficiente.

Tamén se poderán presentar en soporte papel por calquera dos medios establecidos no artigo 38.4 da Lei 30/1992, de réxime xurídico das administracións públicas e do procedemento administrativo común, utilizando o formulario dispoñible na sede electrónica da Xunta de Galicia.

En caso de enviarse por correo, o envío deberá ser certificado co selo de Correos na primeira folia do formulario para garantir que a data de remisión está incluída no prazo de presentación de solicitudes da orde de convocatoria.

2. O prazo para a presentación de solicitudes de axudas do programa para a promoción do emprego autónomo comezará o día seguinte a data de publicación desta orde no *Diario Oficial de Galicia* e rematará o 30 de setembro de 2014.

3. Non é obrigatorio no momento da presentación das solicitudes para as axudas contidas neste programa, ter solicitado a alta como autónomo no correspondente réxime da Seguridade Social ou en mutualidade de colexio profesional.

4. As solicitudes estarán dispoñibles na sede electrónica da Xunta de Galicia, <https://sede.xunta.es>

e na páxina web da Consellería de Traballo e Benestar <http://traballo.xunta.es>

5. Para a presentación de solicitudes a persoa interesada poderá contar co asesoramento dos axentes de emprego e desenvolvemento local da rede coordinada pola Consellería de Traballo e Benestar.



6. A competencia para coñecer, resolver e propor os correspondentes pagamentos das subvencións previstas nesta orde, por delegación da persoa titular da Consellería de Traballo e Benestar, corresponderalles ás persoas titulares das xefaturas territoriais da Consellería de Traballo e Benestar, no respectivo ámbito provincial onde a entidade solicitante desenvolva a súa actividade empresarial ou profesional, segundo consta na alta do imposto de actividades económicas ou alta no censo de obrigados tributarios do Ministerio de Facenda e Administracións Públicas.

Se a persoa solicitante non está de alta no IAE ou no censo de obrigados tributarios, no momento da presentación da solicitude, o órgano competente para coñecer, resolver e propor os correspondentes pagamentos será a xefatura territorial no respectivo ámbito provincial segundo o domicilio de actividade manifestado na memoria do proxecto (anexo II) e na solicitude polo interesado.

Cando a actividade se desenvolva en máis dunha provincia desta comunidade autónoma será competencia da persoa titular da xefatura territorial da Consellería de Traballo e Benestar da provincia en que estea radicado o domicilio onde a persoa solicitante, comunidade de bens ou sociedade civil desenvolva fundamentalmente a súa actividade económica (modelo 036).

Artigo 7. *Autorizacións*

1. A presentación da solicitude de subvención pola persoa interesada comportará a autorización ao órgano xestor para solicitar as certificacións que deba emitir a Axencia Estatal da Administración Tributaria, a Tesouraría Xeral da Seguridade Social e a Axencia Tributaria Galega, segundo o establecido no artigo 20 da Lei 9/2007, do 13 de xuño, de subvencións de Galicia.

Non obstante, a persoa solicitante poderá denegar expresamente o consentimento. Daquela deberá entregar coa solicitude a certificación de estar ao día no cumprimento das obrigas tributarias, fronte á Seguridade Social e de non ter pendente de pagamento ningunha outra débeda coa Administración pública da Comunidade Autónoma.

2. Mediante a presentación da solicitude de subvención a persoa interesada dá expresamente o seu consentimento á Consellería de Traballo e Benestar para incluír e facer públicos os datos relevantes referidos ás axudas e subvencións recibidas, así como ás



sancións impostas, nos rexistros públicos de axudas, subvencións e convenios e de sancións administrativas, regulados no Decreto 132/2006, do 27 de xullo, polo que se regulan os rexistros públicos creados nos artigos 44 e 45 da Lei 7/2005, do 29 de decembro, de orzamentos xerais da Comunidade Autónoma de Galicia para o ano 2006 (*Diario Oficial de Galicia* núm. 153, do 9 de agosto). Os dereitos de acceso, rectificación, consulta, cancelación e oposición de datos de carácter persoal exerceranse ante o Cixtec como responsable dos ficheiros con domicilio na rúa Domingo Fontán, 9, 15702 Santiago de Compostela, de conformidade coas prescricións da Lei orgánica 15/1999, do 13 de decembro, de protección de datos de carácter persoal.

3. Coa presentación da solicitude de subvención a persoa solicitante autoriza expresamente a Consellería de Traballo e Benestar para que de acordo co establecido nos puntos 3 e 4 do artigo 13 da Lei 4/2006, do 30 de xuño, de transparencia e de boas prácticas na Administración pública galega, publique as subvencións concedidas ao abeiro desta orde no *Diario Oficial de Galicia* con expresión da convocatoria, o programa e o crédito orzamentario con que se imputan, a persoa beneficiaria, a contía concedida e a finalidade da subvención, e na páxina web oficial da Consellería de Traballo e Benestar.

4. A tramitación do procedemento require a incorporación de datos ou documentos coa finalidade de acreditar a identidade da persoa solicitante. Polo tanto, o modelo de solicitude normalizado incluírá unha autorización expresa ao órgano xestor para realizar as comprobacións oportunas que acrediten a veracidade dos datos achegados no procedemento administrativo. No caso de que a persoa interesada non autorice o órgano xestor para realizar esta operación, estará obrigada a achegalos nos termos exixidos polas normas reguladoras do procedemento.

5. En cumprimento do disposto no artigo 5 da Lei orgánica 15/1999, do 13 de decembro, de protección de datos de carácter persoal, os datos persoais recollidos na solicitude incorporaranse ao ficheiro de «Relacións administrativas coa cidadanía e entidades» para o seu tratamento coa finalidade da xestión, avaliación, seguimento e estatística deste programa. A presentación da solicitude supón a cesión de datos persoais á Consellería de Traballo e Benestar por parte da persoa solicitante. Os dereitos de acceso, rectificación, cancelación e oposición previstos na lei pódense exercer dirixindo un escrito á Secretaría Xeral Técnica da Consellería de Traballo e Benestar, como responsable do ficheiro, no enderezo: Edificio Administrativo San Caetano, s/n, 15781 Santiago de Compostela, A Coruña, ou no seguinte enderezo electrónico: lop.d.traballo@xunta.es

CVE-DOG: grshstm5-wj79-iux9-irv5-13sjd4q90gk2



Artigo 8. *Documentación*

As solicitudes deberanse presentar, unha por cada tipo de axuda, nos modelos normalizados que figuran como anexos numéricos a esta orde, e deberán ir acompañadas do orixinal, copia compulsada ou copia cotexada da seguinte documentación:

1. Documentación común para todas as modalidades de axudas:

a) Autorización á Consellería de Traballo e Benestar, segundo o modelo do anexo I, para a consulta dos datos de identidade, DNI ou NIE da persoa solicitante no Sistema de verificación de datos de identidade, de acordo co disposto no Decreto 255/2008, do 23 de outubro.

No caso de non prestar esta autorización a persoa solicitante ou o representante deberá achegar o DNI ou NIE.

No caso dunha comunidade de bens ou sociedade civil, escritura de constitución e NIF da entidade.

Cando se actúe mediante representación, esta atribución expresa acreditarase por calquera medio válido en dereito que deixe constancia fidedigna; deberase achegar declaración ante un notario ou secretario municipal, adquirindo esta a categoría de documento público, que poderá ser substituída por declaración en comparecencia persoal do representado ante o órgano xestor.

b) Documentación acreditativa da pertenza ao colectivo polo cal se opta.

c) Memoria económica do proxecto empresarial, asinada pola persoa solicitante, que inclúa orzamento de investimento e o plan de financiamento que acredite a viabilidade do proxecto, segundo o modelo do anexo II, ou aqueloutra que, respectando o seu contido mínimo, queira presentar a persoa solicitante.

Esta memoria deberá incluír unha listaxe asinada, unha para cada axuda solicitada, coa relación dos investimentos, indicando o importe de cada un, a suma total, a referencia e a descrición das facturas en firme ou *pro forma*, orzamentos e demais documentos xustificativos do investimento realizado ou que se vai realizar e da axuda solicitada, segundo o modelo incluído na memoria económica do proxecto empresarial (anexo II desta orde).



d) Declaración responsable, entre outros aspectos, de non estar incurso nas prohibicións para obter a condición de beneficiario previstas no artigo 10 da Lei 9/2007, do 13 de xuño, de subvencións de Galicia, e autorizacións, asinada pola persoa solicitante (segundo o modelo do anexo I).

e) De ser o caso, declaración responsable da persoa solicitante en que se comprometa a solicitar a alta como autónomo no correspondente réxime da Seguridade Social ou mutualidade de colexio profesional no prazo sinalado na resolución de concesión e como data límite o 30 de setembro de 2014.

f) Se a persoa solicitante na data de presentación da solicitude de axuda xa está de alta como autónomo no correspondente réxime da Seguridade Social ou mutualidade de colexio profesional, deberá xuntar:

f.1) Documentos de solicitude e resolución de recoñecemento de alta no correspondente réxime da Seguridade Social ou, de ser o caso, en colexio profesional e mutualidade que corresponda.

f.2) Alta no imposto de actividades económicas ou, se é o caso, alta no censo de obrigados tributarios no Ministerio de Facenda e Administracións Públicas (modelo 036).

f.3) De ser o caso, certificado do colexio profesional de alta no dito colexio, con indicación de se presupón ou non exercicio da actividade e certificado da mutualidade do colexio profesional con indicación dos períodos de alta nela.

2. Documentación específica:

a) Subvención polo establecemento como persoa traballadora autónoma ou por conta propia:

– Facturas e, no caso de estar efectivamente pagadas, o seu correspondente xustificante bancario de pagamento ou, no seu defecto, facturas *pro forma* ou orzamentos expedidos polos provedores e acredores dos activos que se vaian ter en conta para acreditar o requisito do investimento en inmovilizado material ou intanxible que se vaia realizar.

– No suposto de adquisición de vehículos comerciais ou industriais (furgóns, camións ou vehículos mixtos), tarxeta de ITV onde figure esta clasificación.



b) Subvención financeira:

– O compromiso da entidade financeira sobre a concesión do préstamo, en que figuren as súas características e se faga constar que a operación se acolle ao convenio subscrito para tal fin (segundo o modelo do anexo IV) ou, de ser o caso, o contrato de préstamo xa formalizado.

– Facturas e, no caso de estar efectivamente pagadas, o seu correspondente xustificante bancario de pagamento ou, no seu defecto, facturas *pro forma* ou orzamentos expedidos polos provedores e acredores dos activos que se vaian ter en conta para acreditar o requisito do investimento en inmovilizado material ou intanxible que se vaia realizar e o destino do préstamo.

– No suposto de adquisición de vehículos comerciais ou industriais (furgóns, camións ou vehículos mixtos), tarxeta de ITV onde figure esta clasificación.

3. Esta documentación poderase presentar electronicamente utilizando calquera procedemento de copia dixitalizada do documento orixinal. Neste caso, as copias dixitalizadas presentadas garantirán a fidelidade co orixinal baixo a responsabilidade da persoa solicitante. A Administración poderá requirir a exhibición do documento orixinal para o cotexo da copia electrónica presentada, segundo o disposto no artigo 35.2 da Lei 11/2007, do 22 de xuño, de acceso electrónico dos cidadáns aos servizos públicos, e 22.3 do Decreto 198/2010, do 2 de decembro, polo que se regula o desenvolvemento da Administración electrónica na Xunta de Galicia e nas entidades dela dependentes.

Artigo 9. *Procedemento de concesión, instrución e tramitación*

1. O procedemento de concesión das subvencións recollidas nesta orde axustarase ao disposto no artigo 19.2 da Lei 9/2007, do 13 de xuño, de subvencións de Galicia, dado que polo obxecto e finalidade da subvención non resulta necesario realizar a comparación e prelación das solicitudes presentadas nun único procedemento.

2. O órgano instrutor dos expedientes será, de acordo coa competencia para coñecer e resolver as solicitudes, o Servizo de Traballo e Economía Social das xefaturas territoriais da Consellería de Traballo e Benestar, que realizará as actuacións necesarias para determinar o coñecemento e a comprobación dos datos en virtude dos cales se debe formular a proposta de resolución.



3. Se a solicitude non está debidamente cuberta ou non se presenta a documentación exigida, as unidades administrativas encargadas da tramitación do expediente, de conformidade co disposto no artigo 71 da Lei 30/1992, do 26 de novembro, de réxime xurídico das administracións públicas e do procedemento administrativo común, requirirán a persoa ou entidade interesada para que, nun prazo máximo de dez (10) días, emende a falta ou presente os documentos preceptivos coa advertencia de que, se así non o fixer, se considerará desistida da súa petición, logo de resolución, que deberá ser ditada nos termos previstos no artigo 42 da antedita lei.

4. No suposto de que se presente a solicitude de subvención sen solicitar a alta como persoa traballadora autónoma no correspondente réxime da Seguridade Social ou mutualidade de colexio profesional e na data da proposta de resolución, a persoa solicitante estivese de alta no réxime xeral ou no correspondente réxime por conta allea da Seguridade Social, entenderase que desiste da súa solicitude. Non obstante, esta persoa poderá presentar una nova solicitude de axuda ao abeiro desta orde, se no período subvencionable concorren novamente os requisitos de estar inscrita como demandante de emprego e carecer de ocupación laboral.

Artigo 10. *Resolución e recursos*

1. Logo da fiscalización polas respectivas intervencións das propostas emitidas polos correspondentes servizos, as resolucións serán ditadas polo órgano competente, por delegación da persoa titular da Consellería de Traballo e Benestar, e deberán serlles notificadas ás persoas ou entidades interesadas. As resolucións, concesorias ou denegatorias, deberán ser sempre motivadas.

2. O prazo para resolver e notificar a resolución será de cinco meses que se computará desde a data de finalización do prazo xeral de presentación de solicitudes. Transcorrido o dito prazo sen que se dite resolución expresa, entenderase desestimada a solicitude de acordo co establecido no artigo 1 e no artigo 2 da Lei 6/2001, do 29 de xuño, de adecuación da normativa da Comunidade Autónoma de Galicia á Lei 4/1999, do 13 de xaneiro, de modificación da Lei 30/1992, de 26 de novembro, de réxime xurídico das administracións públicas e do procedemento administrativo común.

3. Notificada a resolución polo órgano competente, as persoas interesadas propostas como beneficiarias disporán dun prazo de dez días para a súa aceptación, transcorrido o cal sen que se produza manifestación expresa se entenderá tacitamente aceptada.



4. As resolucións que se diten neste procedemento esgotan a vía administrativa e contra elas cabe interpoñer recurso contencioso-administrativo, no prazo de dous meses, ante o órgano competente da xurisdición contencioso-administrativa, de conformidade co disposto na Lei 29/1998, do 13 de xullo, reguladora da xurisdición contencioso-administrativa. Poderase formular, con carácter potestativo, recurso de reposición no prazo dun mes, ante o mesmo órgano que ditou a resolución impugnada, de acordo coa Lei 30/1992, do 26 de novembro, de réxime xurídico das administracións públicas e do procedemento administrativo común.

5. No suposto de que a axuda estea cofinanciada polo Fondo Social Europeo, na resolución de concesión informárase a persoa ou entidade beneficiaria de que a aceptación da axuda comunitaria do Fondo Social Europeo implicará a súa aparición na lista pública cos nomes das persoas ou entidades beneficiarias, das operacións e a cantidade de fondos públicos asignada a cada operación que a autoridade de xestión do programa operativo publicará conforme o previsto no artigo 7.2.d) do Regulamento (CE) 1828/2006 da Comisión, do 8 de decembro de 2006 (DOUE L/45, do 15 de febreiro de 2007).

Artigo 11. *Xustificación e pagamento*

1. A determinación dos gastos subvencionables realizarase conforme co establecido no artigo 29 da Lei 9/2007, do 13 de xuño, de subvencións de Galicia.

2. Considéranse gastos subvencionables aqueles que de xeito indubidable responden á natureza da actividade subvencionada e se realicen nos prazos establecidos nesta orde. En todo caso, respectaranse as condicións da Orde TIN/2965/2008 do 14 de outubro, pola que se determinan os gastos subvencionables polo FSE, durante o período de programación de 2007-2013, modificada pola Orde TIN/788/2009, do 25 de marzo e pola Orde ESS/1337/2013, do 3 de xullo (*Boletín Oficial del Estado* núm. 167, do 13 de xullo).

3. Considerarase gasto realizado o que foi efectivamente facturado e realizado no período previsto nos artigos 4.1 e 5.1 desta orde.

Este gasto deberá estar efectivamente pagado á finalización do período de xustificación.

O período de xustificación é o establecido na resolución de concesión e finaliza, en todo caso, o 20 de decembro de 2014.



As facturas deberán cumprir os requisitos establecidos no Real decreto 1619/2012, do 30 de novembro, polo que se aproba o regulamento que establece as obrigas de facturación, e deberán estar emitidas con data límite, en todo caso, do 20 de decembro de 2014.

4. A xustificación do pagamento dos gastos obxecto das subvencións desta orde debe-rase acreditar a través de transferencia bancaria, certificación bancaria ou extracto banca-rio de pagamento. Nestes documentos deberán quedar claramente identificados o receptor e o emisor do pagamento. Non se admitirán os pagamentos en efectivo. Así mesmo, non se admitirán como xustificantes os obtidos a través da internet se non están validados pola entidade bancaria.

5. De non achegarse con anterioridade, o pagamento das axudas quedará condiona-do á presentación do orixinal, copia compulsada ou cotexada, no prazo, nos termos e na forma que se estableza na resolución de concesión, da documentación común e específica que se exixa de forma expresa nela, entre a cal deberá figurar a relacionada nos puntos seguintes:

A. Documentación xeral:

a) Documentación xustificativa para acreditar o cumprimento da finalidade para a cal se concedeu a subvención, segundo o tipo de axuda.

b) Declaración complementaria do conxunto das axudas solicitadas, tanto das aproba-das ou concedidas como das pendentes de resolución, para o mesmo proxecto, das distin-tas administracións públicas competentes ou outros entes públicos, así como das axudas concedidas en réxime *de minimis*, ou, de ser o caso, de que non solicitou nin percibiu outras axudas ou subvencións (segundo o modelo do anexo III).

c) Se a persoa solicitante na data de presentación da solicitude de axuda non solicitara a alta como autónomo no correspondente réxime da Seguridade Social ou mutualidade de colexio profesional, deberá xuntar:

c.1) Documentos de solicitude e resolución de recoñecemento de alta no correspon-den-te réxime da Seguridade Social ou, de ser o caso, en colexio profesional e mutualidade que corresponda.



c.2) Alta no imposto de actividades económicas ou, se é o caso, alta no censo de obrigados tributarios no Ministerio de Facenda e Administracións Públicas (modelo 036).

c.3) De ser o caso, certificado do colexio profesional de alta no dito colexio, con indicación de se presupón ou non exercicio da actividade e certificado da mutualidade do colexio profesional con indicación dos períodos de alta nela.

B. Documentación específica:

a) Subvención polo establecemento como persoa traballadora autónoma ou por conta propia:

– Listaxe asinada coa relación dos investimentos e pagamentos realizados, indicando o importe de cada un, a suma total, a referencia e a descrición das facturas e demais documentos xustificativos do investimento realizado e da axuda concedida, segundo o modelo incluído na memoria económica do proxecto empresarial (anexo II desta orde).

– Facturas xustificativas da realización do investimento en inmovilizado material ou intanxible e documento bancario acreditativo do seu pagamento.

b) Subvención financeira:

– Copia do contrato do préstamo.

– Listaxe asinada coa relación dos investimentos e pagamentos realizados, indicando o importe de cada un, a suma total, a referencia e a descrición das facturas e demais documentos xustificativos do investimento realizado e da axuda concedida, segundo o modelo incluído na memoria económica do proxecto empresarial (anexo II desta orde).

– Facturas xustificativas da realización do investimento en inmovilizado material ou intanxible e documento bancario acreditativo do seu pagamento.

6. Malia o sinalado nos puntos anteriores, a documentación exixida para a fase de pagamento común ou específica poderase presentar xunto coa solicitude, á opción da persoa interesada.

CVE-DOG: grshstm5-wj79-iux9-irv5-13sjd4q90gk2



7. Cando concorran varias axudas ou subvencións, só será necesario presentar unha vez a documentación coincidente, tanto na fase de solicitude como na de xustificación, debendo indicar neste caso a dita situación.

8. As persoas beneficiarias deberán presentar a documentación xustificativa para o pagamento sinalada neste artigo no prazo establecido na resolución de concesión, que non poderá ser superior a quince (15) días hábiles.

9. Non se poderá realizar o pagamento da subvención mentres a persoa beneficiaria non estea ao día no cumprimento das súas obrigas tributarias e fronte á Seguridade Social, teña pendente de pagamento algunha outra débeda coa Administración pública da Comunidade Autónoma ou sexa debedora por resolución de procedencia de reintegro.

CAPÍTULO IV Obrigas e incompatibilidades

Artigo 12. *Obrigas das persoas beneficiarias*

Son obrigas das persoas beneficiarias das subvencións:

a) Solicitar a alta como autónomo no correspondente réxime da Seguridade Social ou en mutualidade de colexio profesional no prazo indicado na resolución de concesión. O incumprimento desta obriga comportará a revogación da totalidade da axuda concedida.

b) Realizar a actividade que fundamente a concesión da subvención durante un tempo mínimo de dous anos, salvo cesamento por causas alleas á súa vontade, o cal deberá acreditar fidedignamente. No suposto de darse de baixa con anterioridade, deberá comunicar esta circunstancia ao órgano concedente no mes posterior á dita baixa. O incumprimento desta obriga de comunicación pola persoa beneficiaria comportará o reintegro da totalidade das axudas percibidas ao abeiro desta orde.

c) Xustificar ante o órgano concedente o cumprimento dos requisitos e das condicións, así como a realización da actividade e o cumprimento da finalidade que determinen a concesión da subvención.

d) Someterse ás actuacións de comprobación que efectuará a Consellería de Traballo e Benestar, así como a calquera outra actuación, sexa de comprobación e control financeiro,



que poidan realizar os órganos de control competentes, tanto autonómicos como estatais ou comunitarios, para o cal se achegará canta información lle sexa requirida no exercicio das actuacións anteriores. En especial, por tratarse de axudas cofinanciadas polo Fondo Social Europeo, a entidade beneficiaria quedará sometida ás verificacións previstas no artigo 13 do Regulamento (CE) nº 1828/2006.

e) Comunicarlle ao órgano concedente calquera modificación das condicións tidas en conta para a concesión da subvención, así como dos compromisos e obrigas asumidas polas persoas beneficiarias e, de ser o caso, a obtención concorrente de subvencións, axudas, ingresos ou recursos que financien as actividades subvencionadas. Esta comunicación deberase efectuar tan pronto como se coñeza e, en todo caso, con anterioridade á xustificación da aplicación dada aos fondos percibidos.

f) Estar ao día das súas obrigas tributarias estatais e autonómicas e da Seguridade Social, así como non ter pendente de pagamento ningunha outra débeda, por ningún concepto, coa Administración pública da Comunidade Autónoma, con anterioridade a ditarse a proposta de resolución de concesión e realizar a proposta de pagamento da subvención.

g) Dispoñer dos libros contables, rexistros dilixenciados e demais documentos debidamente auditados nos termos exixidos pola lexislación mercantil e sectorial aplicable ao beneficiario en cada caso, coa finalidade de garantir o adecuado exercicio das facultades de comprobación e control.

h) Conservar os documentos xustificativos da aplicación dos fondos recibidos, incluídos os documentos electrónicos, mentres poidan ser obxecto das actuacións de comprobación e control.

En especial, e dado que as subvencións concedidas ao abeiro desta orde están cofinanciadas polo Fondo Social Europeo, as persoas beneficiarias garantirán a dispoñibilidade dos documentos xustificativos dos gastos e dos investimentos realizados e tidos en conta para a determinación da contía da subvención, e da xustificación da realización da actuación subvencionada, durante un período de tres anos a partir do peche do programa operativo, ou ben durante un período de tres anos a partir do ano en que tivese lugar o peche parcial deste, de acordo co disposto no artigo 90 do Regulamento (CE) 1083/2006. Os gastos subvencionados deberán poder identificarse na súa documentación contable de forma separada.

CVE-DOG: grshstm5-wj79-iux9-irv5-13sjd4q90gk2



i) Adoptar as medidas adecuadas de difusión para dar publicidade ao financiamento público das actuacións subvencionadas pola Consellería de Traballo e Benestar, así como, se for o caso, cofinanciadas polo Fondo Social Europeo, nos termos establecidos no Regulamento (CE) 1828/2006 da Comisión, do 8 de decembro, polo que se fixan normas de desenvolvemento do Regulamento (CE) 1083/2006 do Consello, polo que se establecen as disposicións xerais relativas ao Fondo Europeo de Desenvolvemento Rexional, ao Fondo Social Europeo e ao Fondo de Cohesión e o Regulamento (CE) 1080/2006 do Parlamento Europeo e do Consello, relativo ao Fondo Europeo de Desenvolvemento Rexional (DOUE L 45, do 15 de febreiro de 2007). Neste sentido, a aceptación da axuda comunitaria implicará a súa aparición na lista pública conforme o previsto no artigo 10.5 desta orde.

j) Proceder ao reintegro dos fondos percibidos nos supostos previstos no artigo 33 da Lei 9/2007, do 13 de xuño, de subvencións de Galicia.

k) As persoas físicas beneficiarias de calquera axuda deste programa deberán manter durante o período de dous anos a forma xurídica elixida pola que se lles concederon as subvencións.

l) Aqueloutras obrigas establecidas no artigo 11 da Lei 9/2007, do 13 de xuño, de subvencións de Galicia.

Artigo 13. *Incompatibilidades e concorrencia*

1. En ningún caso o importe das axudas concedidas ao abeiro desta orde poderá ser de tal contía que, illadamente ou en concorrencia coas concedidas por outras administracións ou entes públicos ou privados, estatais, da Unión Europea ou de organismos internacionais, supere o custo total da actividade que vaia desenvolver a persoa beneficiaria.

2. As subvencións establecidas neste programa son incompatibles coas establecidas nos programas de fomento do emprego en cooperativas e sociedades laborais, iniciativas de emprego, iniciativas de emprego de base tecnolóxica e integración laboral das persoas con discapacidade, convocados pola Consellería de Traballo e Benestar.

Así mesmo, serán incompatibles coas axudas para a creación de pemes ou a realización de investimentos en empresas novas promovidas por novos emprendedores, convocadas polo Instituto Galego de Promoción Económica (Igape) da Consellería de Economía



e Industria, así como coas axudas comprendidas no programa Emega para o fomento do emprendemento feminino convocadas por Vicepresidencia e Consellería de Presidencia, Administracións Públicas e Xustiza.

Artigo 14. *Modificación da resolución de concesión*

Toda alteración das condicións tidas en conta para a concesión das axudas ou subvencións, así como a obtención concorrente de subvencións e axudas outorgadas por outras administracións ou outros entes públicos ou privados, nacionais ou internacionais, poderá dar lugar á modificación da resolución de concesión.

Artigo 15. *Revogación e reintegro*

1. Procederá a revogación das subvencións e axudas, así como o reintegro total ou parcial das cantidades percibidas e a exixencia do xuro de mora correspondente desde o momento do pagamento da subvención ata a data en que se acorde a procedencia do reintegro, nos casos previstos no artigo 33 da Lei 9/2007, do 13 de xuño, de subvencións de Galicia.

2. Procederá a revogación das subvencións e axudas concedidas cando a persoa beneficiaria modifique a actividade que vai desenvolver declarada na solicitude e na memoria do proxecto.

3. Procederá a revogación das subvencións e axudas concedidas no suposto de non estar ao día das súas obrigas tributarias estatais e autonómicas e da Seguridade Social, así como ter pendente de pagamento algunha outra débeda coa Administración pública da Comunidade Autónoma, con anterioridade a ditarse a proposta de pagamento da subvención.

4. Procederá o reintegro parcial das axudas concedidas ao abeiro dos artigos 4 e 5 desta orde cando, ao non cumprir a obriga establecida no artigo 12 de manter a actividade durante dous anos, se aproxime de xeito significativo a ela, entendendo como tal ter mantido a actividade durante polo menos dezaioito meses e que a persoa beneficiaria acredite unha actuación inequivocamente tendente á satisfacción dos seus compromisos. A contía que se reintegrará será proporcional ao tempo que reste para o cumprimento dos dous anos.

5. No suposto da subvención financeira entenderase que se produce un incumprimento total cando o préstamo se cancele ou amortice parcialmente antes de transcorrer dezaioito



meses contados desde a data da formalización do préstamo, e parcial cando, transcorridos os dezaioito meses, a persoa beneficiaria solicite autorización ao organo concedente para a súa cancelación ou amortización parcial e os xuros xerados sexan inferiores á subvención concedida; neste caso, deberase reintegrar a parte da subvención financeira non xerada.

6. A obriga de reintegro establecida nos parágrafos anteriores enténdese sen prexuízo do establecido no Real decreto lexislativo 5/2000, do 4 de agosto, polo que se aproba o texto refundido da Lei sobre infraccións e sancións na orde social.

Artigo 16. *Seguimento e control*

1. As xefaturas territoriais da Consellería de Traballo e Benestar e a Dirección Xeral de Traballo e Economía Social poderán comprobar, en todo momento, a aplicación das subvencións concedidas para os fins programados. Para estes efectos, a persoa beneficiaria deberá cumprir as obrigas de comprobación que se establezan nesta orde e na resolución de concesión.

2. A persoa solicitante das axudas e subvencións previstas nesta orde, no suposto de teren a condición de beneficiaria e para os efectos das actuacións de control das obrigas asumidas, autorizan a Consellería de Traballo e Benestar para que a Tesouraría Xeral da Seguridade Social poida facilitar a información sobre a situación de alta no sistema da Seguridade Social.

Artigo 17. *Réxime das axudas*

As axudas establecidas nesta orde quedan sometidas ao réxime *de minimis* nos termos establecidos no Regulamento (UE) nº 1407/2013 da Comisión, do 18 de decembro de 2013, relativo á aplicación dos artigos 107 e 108 do Tratado de funcionamento da Unión Europea ás axudas *de minimis* (DOUE L352, do 24 de decembro de 2013). Esta circunstancia farase constar expresamente na resolución de concesión da subvención. Polo tanto a axuda total *de minimis* concedida a unha empresa non será superior a 200.000 euros durante o período dos dous exercicios fiscais anteriores e o exercicio fiscal actual da empresa solicitante, ou a 100.000 euros no suposto dunha axuda concedida a unha empresa que opere no sector do transporte pola estrada. Para o cómputo dos límites deste réxime de axudas terase en conta o concepto de «única empresa» establecido no artigo 2 do Regulamento (UE) nº 1407/2013 da Comisión, do 18 de decembro de 2013.



Por tratarse de axudas sometidas ao réxime de axudas *de minimis*, non poderá concederse a empresas dos seguintes sectores:

a) Pesca e acuicultura, segundo se establece no Regulamento (UE) nº 1379/2013 do Parlamento Europeo e do Consello.

b) As axudas concedidas ás empresas dedicadas á produción primaria dos produtos agrícolas que figuran na lista do anexo I do Tratado.

c) As axudas concedidas ás empresas que operan no sector da transformación e comercialización de produtos agrícolas, nos casos seguintes:

c.1) Cando o importe da axuda se determine en función do prezo ou da cantidade de produtos deste tipo adquiridos a produtores primarios ou comercializados polas empresas interesadas.

c.2) Cando a axuda estea supeditada a que unha parte ou a súa totalidade se repercuta aos produtores primarios.

d) As axudas ás actividades relacionadas coa exportación a países terceiros ou Estados membros cando a axuda estea vinculada directamente ás cantidades exportadas, á creación e funcionamento dunha rede de distribución ou a outros gastos de explotación vinculados á actividade de exportación.

e) As axudas condicionadas á utilización de produtos nacionais en lugar de importados.

Artigo 18. *Devolución voluntaria da subvención*

De acordo co establecido no artigo 64 do Regulamento da Lei 9/2007, do 13 de xuño, de subvencións de Galicia, aprobado polo Decreto 11/2009, do 8 de xaneiro, as persoas beneficiarias poderán realizar, sen o requirimento previo da Administración, a devolución total ou parcial da subvención concedida, mediante o seu ingreso na conta de Novagalicia Banco ES82 2080 0300 87 3110063172, en concepto de devolución voluntaria da subvención.

En todo caso, a persoa beneficiaria deberá presentar ante o órgano concedente copia xustificativa da devolución voluntaria realizada, na cal conste a data do ingreso, o seu importe e o número do expediente e denominación da subvención concedida.



Disposición adicional primeira

Sen prexuízo das facultades que teñan atribuídas outros órganos da Administración do Estado ou da Comunidade Autónoma, a Consellería de Traballo e Benestar levará a cabo funcións de control, así como de avaliación e seguimento deste programa.

Para realizar as ditas funcións poderanse utilizar cantos medios estean ao dispor da Consellería de Traballo e Benestar para comprobar o cumprimento dos requisitos exixidos nesta orde e demais normas vixentes que resulten de aplicación.

Disposición adicional segunda

A Consellería de Traballo e Benestar poderá requirir en todo momento a documentación orixinal que se considere necesaria para acreditar mellor o exacto cumprimento das condicións exixidas nesta orde, agás aquela que de acordo co artigo 35.f) da Lei 30/1992, do 26 de novembro, de réxime xurídico das administracións públicas e do procedemento administrativo común, xa estean en poder da Administración actuante.

Disposición adicional terceira

Apróbase a delegación de atribucións da persoa titular da Consellería de Traballo e Benestar nas persoas titulares das xefaturas territoriais, no ámbito das súas respectivas provincias, para resolver a concesión ou denegación das subvencións previstas nesta orde, e autorizar, dispor, recoñecer a obriga e propor os correspondentes pagamentos, e resolver os procedementos de reintegro das subvencións indebidamente percibidas polos seus beneficiarios, respecto das resolucións concesorias, de que derivan, ditadas por delegación da persoa titular da consellería. Así mesmo, apróbase a delegación de atribucións da persoa titular da Consellería de Traballo e Benestar na persoa titular da Dirección Xeral de Traballo e Economía Social para a tramitación e resolución dos expedientes de desconcentración dos créditos necesarios para o financiamento desta orde.

Disposición adicional cuarta

A concesión das axudas e subvencións previstas para o ano 2014 nesta orde estará suxeita á existencia de crédito orzamentario. De ser o caso, e de acordo co disposto no artigo 31.4 da Lei 9/2007, do 13 de xuño, de subvencións de Galicia, publicarase mediante



resolución da persoa titular da Dirección Xeral de Traballo e Economía Social o esgotamento das partidas orzamentarias asignadas.

No exercicio económico 2014, as axudas recollidas nesta orde financiaranse con cargo ás aplicacións orzamentarias 11.02.322C.472.2, código de proxecto 2014 00520, cun crédito de 9.375.000,00 euros, e 11.02.322C.470.1, código de proxecto 2014 00513, cun crédito de 1.424.557,00 euros. Estas contías están recollidas na Lei 11/2013, do 26 de decembro, de orzamentos xerais da Comunidade Autónoma de Galicia para o ano 2014.

Os créditos consignados nesta orde poderán ser obxecto de modificacións como consecuencia da asignación ou da redistribución de fondos para o financiamento dos programas de fomento do emprego, coas limitacións que estableza a Conferencia Sectorial de Emprego e Asuntos Laborais ou polas disposicións aplicables ás axudas cofinanciadas polo Fondo Social Europeo.

Poderase ampliar a contía máxima dos créditos dispoñibles para esta convocatoria. O incremento do crédito estará condicionado á declaración de dispoñibilidade do crédito como consecuencia dunha xeración, ampliación ou incorporación de crédito, da existencia de remanentes doutras convocatorias financiadas con cargo ao mesmo crédito ou créditos incluídos no mesmo programa ou en programas do mesmo servizo, ou no suposto previsto no artigo 25.3 do Regulamento da Lei 9/2007, do 13 de xuño, de subvencións de Galicia, aprobado polo Decreto 11/2009, do 8 de xaneiro.

Se o orzamento asignado non é suficiente para proceder ao pagamento de todas as axudas solicitadas, aplicarase como criterio de prioridade a data de presentación. Para estes efectos, terase en conta a data en que a correspondente solicitude se presentase nalgún dos lugares previstos no artigo 6 desta orde. No caso de coincidencia na data de presentación entre dúas ou máis solicitudes presentadas, a orde de prioridade virá determinada pola hora de presentación.

Disposición adicional quinta

O programa de promoción do emprego autónomo é cofinanciable polo Fondo Social Europeo, nunha porcentaxe do 80 por cento, no eixe 1, tema prioritario 68, do programa operativo FSE de Galicia 2007-2013, número CCI 2007 ES 051 PO 004, aprobado pola Decisión da Comisión Europea do 18 de decembro de 2007, no marco da programa-



ción 2007-2013. Este cofinanciamento do Fondo Social Europeo farase constar nas resolucións de concesión.

Disposición derradeira primeira

Facúltase a persoa titular da Dirección Xeral de Traballo e Economía Social para que dite, no ámbito das súas competencias, as resolucións e instrucións necesarias para o desenvolvemento e cumprimento desta orde.

Disposición derradeira segunda

Esta orde entrará en vigor o día seguinte ao da súa publicación no *Diario Oficial de Galicia*.

Santiago de Compostela, 14 de maio de 2014

Beatriz Mato Otero
Conselleira de Traballo e Benestar

CVE-DOG: grshstm5-wj79-iux9-irv5-13sjd4q90gk2




XUNTA DE GALICIA
 CONSELLERÍA DE TRABALLO
 E BENESTAR

ANEXO I

PROCEDEMENTO	CÓDIGO DO PROCEDEMENTO	DOCUMENTO
PROMOCIÓN DO EMPREGO AUTÓNOMO	TR341D	SOLICITUDE

EXPEDIENTE

TIPO DE PROMOCIÓN (debe cubrir e presentar unha solicitude por cada tipo de axuda que solicite)

- ☐ SUBVENCIÓN POLO ESTABLECEMENTO COMO PERSOA TRABALLADORA AUTÓNOMA
☐ SUBVENCIÓN FINANCEIRA

DATOS DA PERSOA SOLICITANTE

NOME	PRIMEIRO APELIDO	SEGUNDO APELIDO	NIF
TIPO DE VÍA	NOME DA VÍA	NÚMERO	BLOQUE PISO PORTA
CP	PROVINCIA	CONCELLO	LOCALIDADE
TELÉFONO	FAX	ENDEREZO ELECTRÓNICO	
TEMPO DE PERMANENCIA EN DESEMPREGO		SEXO	DATA DE NACEMENTO
		☐ HOME ☐ MULLER	

E, NA SÚA REPRESENTACIÓN (deberá acreditarse a representación fidedigna por calquera medio válido en dereito)

NOME	PRIMEIRO APELIDO	SEGUNDO APELIDO	NIF
EN CALIDADE DE			

ENDEREZO PARA EFECTOS DE NOTIFICACIÓN (non é necesario se coincide co anterior)

TIPO DE VÍA	NOME DA VÍA	NÚMERO	BLOQUE PISO PORTA
CP	PROVINCIA	CONCELLO	LOCALIDADE
TELÉFONO	FAX	ENDEREZO ELECTRÓNICO	

DATOS BANCARIOS

Declaro, baixo a miña responsabilidade, que son certos os datos consignados relativos á conta bancaria indicada.

TITULAR DA CONTA	NÚMERO DA CONTA BANCARIA (24 DÍXITOS)

DATOS DE IDENTIFICACIÓN DO PROXECTO DE NEGOCIO (estes datos deben coincidir cos da memoria segundo o anexo II)

ACTIVIDADE ECONÓMICA (DESCRICIÓN)	CNAE	GRUPO OU EPÍGRAFE IAE
TIPO DE VÍA	NOME DA VÍA	NÚMERO BLOQUE PISO PORTA
CP	PROVINCIA	CONCELLO
TELÉFONO	FAX	ENDEREZO ELECTRÓNICO
☐ AUTÓNOMO/A INDIVIDUAL ☐ COMUNIDADE DE BENS OU SOCIEDADE CIVIL ☐ MUTUALIDADE (especificar)		

CVE-DOG: grshstm5-wj79-iux9-irv5-13sjd4q90gk2


XUNTA DE GALICIA

ISSN1130-9229

Depósito legal C.494-1998

<http://www.xunta.es/diario-oficial-galicia>



XUNTA DE GALICIA
CONSELLERÍA DE TRABALLO
E BENESTAR

ANEXO I
(continuación)

DATOS DE IDENTIFICACIÓN DO PROXECTO DE NEGOCIO (continuación)

INVESTIMENTO QUE SE VAI A REALIZAR

INMOBILIZADO MATERIAL OU INTANXIBLE RESTO INVESTIMENTO

FINANCIAMENTO

CUSTO TOTAL DA ACTIVIDADE
(durante os dous anos)

FONDOS PROPIOS

FONDOS ALLEOS

DATA DE ALTA NA SEGURIDADE SOCIAL

Nº DE INSCRICIÓN NA SEGURIDADE SOCIAL

DATA DE ALTA NO IAE

No suposto de que as características da persoa desempregada dean lugar á súa inclusión en máis dun colectivo, só será posible aplicar a contía da subvención respecto dun deles; a opción correspóndelle á persoa solicitante.

SUBVENCIONS QUE SOLICITA (sinállese cun X a subvención ou subvencións que se solicitan e o colectivo por que se opta)

☐ A. SUBVENCIÓN POLO ESTABLECEMENTO COMO PERSOA TRABALLADORA AUTÓNOMA

☐ B. SUBVENCIÓN FINANCEIRA

COLECTIVO	CONTÍA SOLICITADA
☐ Desempregado en xeral	5.000 €
☐ Muller desempregada	6.000 €
☐ Emigrante retornado/a	6.500 €

COLECTIVO	CONTÍA SOLICITADA
☐ Traballador/a procedente de empresa en crise	6.500 €
☐ Desempregado/a de longa duración	6.500 €
☐ Desempregado/a que esgotase a prestación por desemprego	6.500 €
☐ Desempregado con discapacidade	8.000 €
☐ Desempregado en risco ou situación de exclusión social	10.000 €

COLECTIVO	CONTÍA SOLICITADA
☐ Desempregado en risco ou situación de exclusión social	8.000 €
☐ Desempregada con discapacidade	10.000 €

A PERSOA SOLICITANTE OU REPRESENTANTE DECLARA QUE:

- a) Todos os datos que constan na solicitude e nos documentos que se xuntan son certos.
- b) Non se incorre en ningunha das incompatibilidades sinaladas no artigo 13 da orde da convocatoria, non concorre ningunha das circunstancias previstas no punto 2 do artigo 13 da Lei 9/2007, do 13 de xuño, de subvencións de Galicia, e reúnen as condicións para ser beneficiario/a de acordo co establecido no artigo 2 da orde da convocatoria.
- c) Non foi excluído/a do acceso aos beneficios derivados da aplicación dos programas de emprego, conforme o establecido no artigo 46.2 do texto refundido da Lei sobre infraccións e sancións na orde social, aprobado polo Real decreto lexislativo 5/2000, do 4 de agosto.
- d) Autorizo a Consellería de Traballo e Benestar, no suposto de ter a condición de persoa beneficiaria da subvención, a solicitar da Tesouraría Xeral da Seguridade Social a información sobre situación de alta na Seguridade Social, conforme o previsto no artigo 16.2 da orde da convocatoria.
- e) Coñezo que as axudas solicitadas nesta orde están cofinanciadas polo Fondo Social Europeo nun 80 % no programa operativo FSE Galicia 2007-2013.
- f) Comprométome a dar de alta como persoa traballadora autónoma por conta propia no correspondente réxime da Seguridade Social ou na mutualidade de colexio profesional, no prazo sinalado na resolución de concesión e con data límite do 30 de setembro de 2014.
- g) Que para a mesma actividade ou proxecto esta entidade:
- ☐ Non solicitou nin percibiu ningunha outra axuda dunha Administración ou entidade pública ou privada.
- ☐ Percibiu ou solicitou as axudas indicadas na relación que se xunta.

AXUDAS		ANO	ORGANISMO	IMPORTE €	TIPO DE AXUDA	DISPOSICIÓN REGULADORA
Solicitada	Concedida					
☐	☐					
☐	☐					
☐	☐					
☐	☐					
☐	☐					
☐	☐					

h) Que esta entidade ten concedidas en réxime *de minimis* (Regulamento (CE) nº 1998/2006), neste ano e nos dous anteriores, as seguintes axudas:

ANO	ORGANISMO	IMPORTE €	TIPO DE AXUDA	DISPOSICIÓN REGULADORA

Así mesmo, a entidade solicitante comprométese a comunicar inmediatamente cantas axudas solicite ou obteña para a mesma actuación doutras administracións públicas ou doutros entes públicos ou privados, nacionais ou internacionais, a partir da data desta declaración.





XUNTA DE GALICIA
CONSELLERÍA DE TRABALLO
E BENESTAR

ANEXO I (continuación)

DOCUMENTACIÓN QUE SE PRESENTA OU QUE SE DECLARA QUE ESTÁ EN PODER DA ADMINISTRACIÓN (ARTIGO 8)

1. Documentación común (art. 8.1)

☐	Documentación acreditativa da atribución expresa no caso de actuar mediante representación.
☐	Documentación acreditativa da pertenza ao colectivo polo cal se opta.
☐	De ser o caso, certificado do colexio profesional de alta no dito colexio, con indicación de se presupón ou non exercicio da actividade, e certificado da mutualidade do colexio profesional con indicación dos períodos de alta nela.
☐	De ser o caso, documentos de solicitude e resolución de recoñecemento de alta no correspondente réxime da Seguridade Social ou, de ser o caso, en colexio profesional e mutualidade que corresponda.
☐	Memoria económica do proxecto empresarial asinada pola persoa solicitante (segundo o modelo do anexo II) ou aquela outra que, respectando o seu contido mínimo, queira presentar a persoa solicitante.
☐	Listaxe asinada, unha para cada axuda solicitada, coa relación dos investimentos, indicando o importe de cada un, a suma total, a referencia e a descrición das facturas en firme ou pro forma, orzamentos e demais documentos xustificativos do investimento realizado ou que se vai realizar e da axuda solicitada (segundo o modelo do anexo II).
☐	Documentación acreditativa de que está ao día nas súas obrigas tributarias -estatais e autonómicas- e coa Seguridade Social e de que non ter pendente de pagamento ningunha outra débeda coa Administración da Comunidade Autónoma, unicamente no suposto de que a persoa solicitante denegase expresamente a autorización ao órgano xestor para solicitar as certificacións que deban emitir a Axencia Estatal da Administración Tributaria, a Tesouraría Xeral da Seguridade Social e a Axencia Tributaria de Galicia.

	PRESENTADO	CÓD. PROC.	EXpte.	ANO
☐ DNI ou NIE e acreditación do NIF da persoa solicitante, unicamente no caso de non prestar autorización.	☐			
☐ No caso dunha comunidade de bens ou sociedade civil, escritura de constitución e NIF da entidade.	☐			
☐ De ser o caso alta no IAE ou, se é o caso, alta no censo de obrigados tributarios no Ministerio de Facenda e Administracións Públicas (modelo 036 ou modelo 037).	☐			

2. Documentación específica (art. 8.2)

A) Subvención polo establecemento como traballador ou traballadora autónoma ou por conta propia:

☐	Facturas e, no caso de estaren efectivamente pagadas, o seu correspondente xustificante bancario de pagamento ou, no seu defecto, facturas pro forma ou orzamentos expedidos polos provedores e acredores dos activos que se vaian ter en conta para acreditar o requisito do investimento en inmovilizado material ou intanxible que se vaia realizar.
☐	No suposto de adquisición de vehículos comerciais ou industriais, tarxeta da ITV.

B) Subvención financeira:

☐	O compromiso da entidade financeira sobre a concesión do préstamo, en que figuren as súas características e se faga constar que a operación se acolle ao convenio subscrito para tal fin (segundo o modelo do anexo IV) ou, de ser o caso, o contrato de préstamo xa formalizado.
☐	Facturas e, no caso de estaren efectivamente pagadas, o seu correspondente xustificante bancario de pagamento ou, no seu defecto, facturas pro forma ou orzamentos expedidos polos provedores e acredores dos activos que se vaian ter en conta para acreditar o requisito do investimento en inmovilizado material ou intanxible que se vaia realizar e o destino do préstamo.
☐	No suposto de adquisición de vehículos comerciais ou industriais, tarxeta da ITV.

Autorizo a Consellería de Traballo e Benestar, de conformidade co artigo 35, letra f), da Lei 30/1992, do 26 de novembro, de réxime xurídico das administracións públicas e do procedemento administrativo común, e o artigo 4 da Orde do 12 de xaneiro de 2012 pola que se regula a habilitación de procedementos administrativos e servizos na Administración xeral e no sector público autonómico de Galicia, a consulta da documentación indicada anteriormente.

Así mesmo, declaro que a dita documentación se mantén vixente na actualidade e que non trascorreron máis de cinco anos desde a finalización do procedemento a que corresponden.

Autorizo a Consellería de Traballo e Benestar, de conformidade co artigo 2 do Decreto 255/2008, do 23 de outubro, e coa Orde da Consellería de Presidencia, Administracións Públicas e Xustiza do 7 de xullo de 2009, que o desenvolve, para a consulta dos datos de identidade do solicitante no Sistema de verificación de datos de identidade do Ministerio de Facenda e Administracións Públicas.

☒ SI ☐ NON (neste caso achegarse a documentación correspondente)

De conformidade co artigo 13.4 da Lei 4/2006, do 30 de xuño, de transparencia e de boas prácticas na Administración pública galega, e co previsto no Decreto 132/2006, do 27 de xullo, polo que se regulan os rexistros públicos creados nos artigos 44 e 45 da Lei 7/2005, do 29 de decembro, de orzamentos xerais da Comunidade Autónoma de Galicia para o ano 2006, a Consellería de Traballo e Benestar publicará na súa páxina web oficial a relación dos beneficiarios e o importe das axudas concedidas ao abeiro desta orde. Inclúirase, igualmente, as referidas axudas e as sancións que, como consecuencia delas, se poidan impoñer nos correspondentes rexistros públicos, polo que a presentación da solicitude leva implícita a autorización para o tratamento necesario dos datos dos beneficiarios e a referida publicidade.

En cumprimento do disposto no artigo 5 da Lei orgánica 15/1999, do 13 de decembro, de protección de datos de carácter persoal, infórmase de que os datos persoais recollidos nesta solicitude se incorporarán ao ficheiro de relacións administrativas coa cidadanía e entidades para o seu tratamento coa finalidade da xestión, avaliación, seguimento e estatística deste programa. A presentación da solicitude supón a cesión de datos persoais á Consellería de Traballo e Benestar por parte da persoa solicitante. Os dereitos de acceso, rectificación, cancelación e oposición previstos na lei pódense exercer dirixindo un escrito á Secretaría Xeral Técnica da Consellería de Traballo e Benestar como responsable do ficheiro, no enderezo: Edificio Administrativo San Caetano, 15781 Santiago de Compostela, A Coruña, ou no seguinte enderezo electrónico: lopd.traballo@xunta.es



**XUNTA
DE GALICIA**

ISSN1130-9229

Depósito legal C.494-1998

<http://www.xunta.es/diario-oficial-galicia>



XUNTA DE GALICIA
CONSELLERÍA DE TRABALLO
E BENESTAR

ANEXO I
(continuación)

LEXISLACIÓN APLICABLE

Orde do 14 de maio de 2014 pola que se establecen as bases reguladoras do programa para a promoción do emprego autónomo, cofinanciado polo Fondo Social Europeo, e se procede á súa convocatoria para o ano 2014.

SINATURA DA PERSOA SOLICITANTE OU REPRESENTANTE

Lugar e data

, de de



Xefatura Territorial da Consellería de Traballo e Benestar



FONDO SOCIAL EUROPEO
"O FSE inviste no teu futuro"

UNIÓN EUROPEA

CVE-DOG: grshstm5-wj79-iux9-irv5-13sjd4q90gk2



**XUNTA
DE GALICIA**

ISSN1130-9229

Depósito legal C.494-1998

<http://www.xunta.es/diario-oficial-galicia>



XUNTA DE GALICIA
CONSELLERÍA DE TRABALLO
E BENESTAR

ANEXO II

MEMORIA DO PROXECTO EMPRESARIAL DE PROMOCIÓN DO EMPREGO AUTÓNOMO

1. DATOS PERSOAIS									
NOME		PRIMEIRO APELIDO			SEGUNDO APELIDO			NIF	
TIPO DE VÍA		NOME DA VÍA			NÚMERO		BLOQUE	PISO	PORTA
CP	PROVINCIA	CONCELLO			LOCALIDADE				
TELÉFONO		FAX		ENDEREZO ELECTRÓNICO					
E, NA SÚA REPRESENTACIÓN									
NOME		PRIMEIRO APELIDO			SEGUNDO APELIDO			NIF	

2. DATOS PERSOAIS	
PROFESIÓN	
ESTUDOS REALIZADOS	
FORMACIÓN RELACIONADA COA ACTIVIDADE EMPRESARIAL QUE SE VAIA DESENVOLVER	

[illegible]


4. IDENTIFICACIÓN DO PROXECTO

NOME DA EMPRESA		NIF	
TIPO DE VÍA	NOME DA VÍA	NÚMERO	BLOQUE PISO PORTA
CP	PROVINCIA	CONCELLO	LOCALIDADE
TELÉFONO	FAX	ENDEREZO ELECTRÓNICO	

LOCAL DO NEGOCIO

☐ EN PROPIEDAD	☐ EN ALUGAMENTO	☐ EN TRASPASO	☐ SEN UN LOCAL DETERMINADO
É A SÚA VIVENDA HABITUAL?	DIMENSIÓNS DO LOCAL	É LOCAL AUTORIZADO?	
☐ SI ☐ NON		☐ SI ☐ NON	

FORMA DE CONSTITUCIÓN:

☐ AUTÓNOMO/A	☐ MUTUALIDADE DE	☐ COMUNIDADE DE BENS	☐ SOCIEDADE CIVIL
-------------------------------------	---	---	--

NOME DA COMUNIDADE DE BENS OU SOCIEDADE CIVIL	NÚMERO DE SOCIOS/AS	PORCENTAXE DE PARTICIPACIÓN DA PERSOA SOLICITANTE NA S.C. OU C.B.

DATA DE SOLICITUDE DE ALTA NA SEGURIDADE SOCIAL OU MUTUALIDADE	DATA DE ALTA SEGUNDO A DECLARACIÓN CENSUAL OU NO IAE	CNAE	É PERCEPTOR DO PAGAMENTO ÚNICO DA PRESTACIÓN POR DESEMPREGO?
			☐ SI ☐ NON

INDIQUE O ASESORAMENTO RECIBIDO NO PROXECTO

DESCRIPCIÓN DA NOVA ACTIVIDADE QUE SE VAIA DESENVOLVER:

Describa brevemente os servizos que se van prestar ou bens que se van producir e as necesidades que se pretenden cubrir:

MERCADO DA NOVA EMPRESA:

Describa brevemente cal será o mercado en que actúe a empresa, os clientes e as súas características, o territorio en que se desenvolverá a actividade, os principais competidores, as principais diferenzas entre o seu servizo ou produto e o da competencia, etc.:

RECURSOS HUMANOS:

Indique os postos de traballo que se crearán, ademais do propio. Ocupación, tipo de contrato fixo ou temporal, duración do contrato, xornada de traballo, método de selección do persoal, etc.:

AO COMEZO DA ACTIVIDADE

NOS SEIS PRIMEIROS MESES

CON POSTERIORIDADE

OUTRA INFORMACIÓN DE INTERESE (describa calquera outra información adicional que considere de interese para a avaliación do proxecto):





XUNTA DE GALICIA
CONSELLERÍA DE TRABALLO
E BENESTAR

5. PLAN DE INVERTEMENTOS

CONCEPTO INMOBILIZADO MATERIAL E INTANXIBLE	IMPORTE (euros)
Terreos	
Construcións	
Compra de locais	
Acondicionamento do local	
Instalacións	
Ferramentas	
Maquinaria	
Elementos de transporte	
Mobiliario	
Equipamentos informáticos e de procesos de información	
Investigación e desenvolvemento	
Concesións administrativas	
Propiedade industrial	
Fondo de comercio	
Dereitos de traspaso	
Aplicacións informáticas	
Outros (especificuense)	
SUBTOTAL: TOTAL INMOBILIZADO MATERIAL E INTANXIBLE (A)	
RESTO INVERTEMENTO	
Existencias	
Tesouraría	
Outros (especificuense)	
SUBTOTAL: TOTAL RESTO INVERTEMENTO (B)	
TOTAL GASTOS DE INVERTEMENTO (C=A+B) (IVE non incluído)	

6. PLAN DE FINANCIAMENTO

RECURSOS FINANCIEROS	IMPORTE (euros)
Recursos propios	
Préstamo acollido ao convenio coa Consellería de Traballo e Benestar	
Outros préstamos (especificuense)	
Outras fontes de financiamento (especificuense)	
TOTAL FINANCIAMENTO (D) (*)	

(*) A suma do total do investimento e o total do financiamento deben coincidir (C=D)





XUNTA DE GALICIA
CONSELLERÍA DE TRABALLO
E BENESTAR

7. CONTA DE PERDAS E GANANCIAS PREVISTAS PARA OS DOUS PRIMEIROS ANOS

INGRESOS	1º ano	2º ano
Vendas		
Prestacións de servizos		
Outros ingresos		
TOTAL INGRESOS		
GASTOS	1º ano	2º ano
Gastos de constitución		
Compras de mercadorías, materias primas e outros aprovisionamentos		
Arrendamentos		
Servizos de profesionais independentes		
Publicidade		
Transportes		
Seguros do local		
Outros seguros		
Subministracións (electricidade, auga, etc.)		
Tributos		
Gastos Seguridade Social do/a promotor/a		
Gastos do persoal contratado (salarios e Seguridade Social)		
Gastos financeiros		
Dotacións por amortizacións		
Outros (especifiquense)		
TOTAL GASTOS		
BENEFICIO PREVISTO: TOTAL INGRESOS-GASTOS		

8. CUSTO TOTAL DA ACTIVIDADE NOS DOUS PRIMEIROS ANOS

CONCEPTO	IMPORTE (euros)
TOTAL GASTOS SEGURIDADE SOCIAL DA PERSOA PROMOTORA (2 primeiros anos)	
TOTAL GASTOS DE INVESTIMENTO (número 5 desta memoria)	
TOTAL OUTROS GASTOS (entre outros, gastos de constitución, custos salariais, servizos externos, publicidade, alugamento do local e maquinaria e seguros do local)	
CUSTO TOTAL DA ACTIVIDADE (IVE non incluído)	



**XUNTA
DE GALICIA**

ISSN1130-9229

Depósito legal C.494-1998

<http://www.xunta.es/diario-oficial-galicia>



XUNTA DE GALICIA
CONSELLERÍA DE TRABALLO
E BENESTAR

9. MEDIDAS DE SEGURIDADE E SAÚDE LABORAL E DE PREVENCIÓN DE RISCOS LABORAIS

Descrba brevemente as medidas en materia de seguridade e saúde laboral e de prevención de riscos laborais adoptadas:

10. ADECUACIÓN EN MATERIA DE AMBIENTE


Descrba brevemente as medidas de adecuación en materia de protección do ambiente adoptadas, en especial pola localización e a actividade da empresa:

11. OBSERVACIÓNS/OUTROS DATOS**SINATURA DA PERSOA SOLICITANTE OU REPRESENTANTE**

Lugar e data

 , de de

NOTA: achégase a esta memoria unha listaxe asinada, unha para cada axuda solicitada, coa relación dos investimentos, indicando o importe de cada un, a suma total, a referencia e a descrición das facturas en firme ou pro forma, orzamentos e demais documentos xustificativos do investimento realizado ou que se vai realizar e da axuda solicitada, xunto coas facturas enumeradas e os seus correspondentes documentos bancarios acreditativos do pagamento.



FONDO SOCIAL EUROPEO
"O FSE inviste no teu futuro"

UNIÓN EUROPEA



XUNTA
DE GALICIA


ISSN1130-9229

Depósito legal C.494-1998

<http://www.xunta.es/diario-oficial-galicia>

CVE-DOG: grshstm5-wj79-iux9-irv5-13sjd4q90gk2





XUNTA DE GALICIA
CONSELLERÍA DE TRABALLO
E BENESTAR

ANEXO II
(continuación)

LISTAXE COA RELACIÓN DOS INVESTIMENTOS REALIZADOS OU QUE SE VAN REALIZAR E DA AXUDA SOLICITADA OU CONCEDIDA
TR341D - PROMOCIÓN DO EMPREGO AUTÓNOMO

DATOS DA PERSOA SOLICITANTE

NOME

PRIMEIRO APELIDO

SEGUNDO APELIDO

NIF

E, NA SÚA REPRESENTACIÓN

NOME

PRIMEIRO APELIDO

SEGUNDO APELLIDO

NIF

TIPO DE AXUDA SOLICITADA OU CONCEDIDA (*):

[illegible]

(*) Deberase presentar unha listaxe por cada axuda solicitada ou concedida.

Achégase a esta relación as facturas enumeradas e os seus correspondentes documentos bancarios acreditativos do pagamento, de acordo co número de orde asignado. Se non dispón de suficiente espazo, faga unha relación en folia á parte.

Lémbra-se que a xustificación do pagamento dos gastos obxecto destas subvencións deberá acreditarse a través de transferencia bancaria, certificación bancaria ou extracto bancario de pagamento. Nestes documentos deberán quedar claramente identificados o receptor e o emisor do pagamento. Non se admitirán os pagamentos en efectivo. Así mesmo, non se admitirán como xustificantes os obtidos a través da internet se non están validados pola entidade bancaria.

SINATURA DA PESSOA SOLICITANTE OU REPRESENTANTE

Lugar e data

de de de



FONDO SOCIAL EUROPEO
"O FSE investe no teu futuro"





XUNTA DE GALICIA
CONSELLERÍA DE TRABALLO
E BENESTAR

ANEXO III

DECLARACIÓN EXPRESA DOUTRAS AXUDAS E DE AXUDAS EN RÉXIME DE MINIMIS
TR341D - PROMOCIÓN DO EMPREGO AUTÓNOMO

DATOS DA ENTIDADE SOLICITANTE

RAZÓN SOCIAL

NIF

E, NA SÚA REPRESENTACIÓN

NOME

PRIMEIRO APELIDO

SEGUNDO APELIDO

NIF

EN CALIDADE DE

DECLARA BAIXO A SÚA RESPONSABILIDADE

- Que para a mesma actividade ou proxecto esta entidade:

- ☐ Non solicitou nin percibiu ningunha outra axuda dunha Administración ou entidade pública ou privada.
☐ Percibiu ou solicitou as axudas indicadas na relación que se xunta

AXUDAS		ANO	ORGANISMO	IMPORTE €	TIPO DE AXUDA	DISPOSICIÓN REGULADORA
Solicitada	Concedida					
☐	☐					
☐	☐					
☐	☐					
☐	☐					
☐	☐					
☐	☐					

- Que esta entidade ten concedidas en réxime de minimis (Regulamento (CE) nº 1998/2006), neste ano e nos dous anteriores, as seguintes axudas:

ANO	ORGANISMO	IMPORTE €	TIPO DE AXUDA	DISPOSICIÓN REGULADORA

Así mesmo, o/a solicitante comprométese a comunicar inmediatamente cantas axudas solicite ou obteña para a mesma actuación doutras administracións públicas ou doutros entes públicos ou privados, nacionais ou internacionais, a partir da data desta declaración.

SINATURA DA PERSOA SOLICITANTE OU REPRESENTANTE

Lugar e data

 , de de

galicia



FONDO SOCIAL EUROPEO
"O FSE inviste no teu futuro"

UNIÓN EUROPEA



XUNTA
DE GALICIA

ISSN1130-9229

Depósito legal C.494-1998

<http://www.xunta.es/diario-oficial-galicia>



XUNTA DE GALICIA
CONSELLERÍA DE TRABALLO
E BENESTAR

ANEXO IV

COMPROMISO DA ENTIDADE FINANCEIRA DE CONCESIÓN DO PRÉSTAMO
(DOCUMENTO QUE DEBERÁ PRESENTAR O SOLICITANTE XUNTO COA SOLICITUDE)

TR341D - PROMOCIÓN DO EMPREGO AUTÓNOMO

DATOS DA ENTIDADE FINANCEIRA							
ENTIDADE FINANCEIRA						SUCURSAL	
TIPO DE VÍA		NOME DA VÍA				NÚMERO	BLOQUE
CP	PROVINCIA	CONCELLO		LOCALIDADE			
TELÉFONO		FAX	ENDEREZO ELECTRÓNICO				

DATOS DA PERSOA FÍSICA OU XURÍDICA TITULAR DO PRÉSTAMO							
APELIDOS E NOME OU DENOMINACIÓN SOCIAL						NIF	
TIPO DE VÍA		NOME DA VÍA				NÚMERO	BLOQUE
CP	PROVINCIA	CONCELLO		LOCALIDADE			
TELÉFONO		FAX	ENDEREZO ELECTRÓNICO				

CARACTERÍSTICAS DO PRÉSTAMO		
IMPORTE DO PRÉSTAMO	PRAZO DE AMORTIZACIÓN	CARENCIA
TIPO DE XURO		

DESTINO DO PRÉSTAMO (EN EUROS)	
INMOBILIZADO MATERIAL OU INTANXIBLE	RESTO DO INVESTIMENTO

CONDICIÓN DOS PRÉSTAMOS ACOLLIDOS AO CONVENIO DA CONSELLERÍA DE TRABALLO E BENESTAR FORMALIZADOS NO ANO 2014:

a) O prazo de amortización será de, polo menos, tres anos, e poderá incluír períodos de carencia de amortización do principal.

b) O tipo de xuro máximo con que se formalizarán os préstamos será o elixido polo solicitante entre as seguintes opcións:

- Xuro fixo: ao 2,51 % cando o prazo de amortización sexa de ata cinco anos, ou ao 2,91 % cando o dito prazo sexa superior.
- Xuro variable: ao 2,25 % independentemente do prazo de amortización.

Nesta elección o tipo de xuro revisarse cada ano desde a formalización de cada préstamo. O novo tipo resultará de engadir 1,75 puntos ao que se publica no BOE como euribor a un ano, do segundo mes anterior ao inicio da nova anualidade do préstamo revisado.

c) Poderase establecer unha comisión de apertura de ata un 1 %.

Comprométese á concesión do préstamo detallado neste escrito, conforme o convenio subscrito coa Consellería de Traballo e Benestar, polo que solicita que a citada operación sexa cualificada como subvencionable.

SINATURA DA PERSOA REPRESENTANTE
Lugar e data , de de

